

Comentario “...Ao afogado”

Xa che levaran os ollos
relingadores de lonxanías
e pescadores de profundidades
Xa che levaran a voz
asolagada n-a furna xiróvaga
por onde escoan as tempestades
Xa che levaran os azos
enmallados n-a rede sonora
d'os cordaxes ereutos
O vento aínda escovaba
c'as poutas d'escuma
n-a xerfa
 mais cadaleitos
Ibas xuntando soedades
Por un burato d'o Mar
chopaches un día a buscarte
A noiva goleta
enloitada de branco
que cose roitas esquencidas
acena n-o vento as suas velas
como ese pano d'as despedidas.

...Ao afogado De catro a catro. Manuel Antonio.

Comentario do poema "...Ao afogado"

Este poema aparece xusto a continuación do poema "Sós", na parte central do libro, na que a voz poética está xa en plena travesía, á procura en si mesma do sentido da viaxe, e afonda na idea de soidade e abandono cun ton lírico que remarca a actitude pesimista e íntima que domina todo o libro. O "eu lírico" sostén un diálogo co afogado, pero non cae no fácil patetismo ao que o podería levar a visión dun naufraxio.

O poema é representativo da concepción estética de *De catro a catro* como se aprecia na superposición de imaxes tiradas da paisaxe mariña ou na ausencia de fio narrativo e nas referencias temporais ao presente e ao pasado que lle dan unha aparencia estática e fragmentada, como se o poema fose unha suma de recortes, de impresións superpostas.

O tema central do texto é a visión dun afogado, como indica o mesmo título; pero se facemos unha lectura máis profunda, podemos observar como o "eu poético" aparece desdoblado en dous: a voz narradora e o seu interlocutor (2ª persoa), o afogado. Este desdoblamento permítenos ver desde a perspectiva da 1ª persoa a sensación de abandono que leva ao suicidio.

Podemos articular o poema en tres partes segundo os tempos verbais. A primeira abarca as tres primeiras secuencias: nelas dáse conta dos últimos pasos que deu o afogado no abandono do seu propio ser, os *ollos*, a voz e os *azos*, que apuntan á visión existencial da realidade. As tres secuencias son semellantes sintacticamente, mesmo cun paralelismo nos primeiros versos, nos que só cambia a última palabra por outra do mesmo campo semántico subxectivo, pois os tres aluden a elementos que representan a vida. Por outro lado, a repetición do mesmo verbo "levaran", e a súa forma en pluscuamperfecto, fai referencia ao irremediable da morte. A segunda parte (secuencias 4 e 5) fai referencia a un tempo anterior ("chopaches"), previo ao afogamento, no que aparecen elementos do espazo físico (o vento e o Mar) a carón de verbos en imperfecto ("escovaba", "ibas") que indican accións comezadas no pasado pero prolongadas no presente: esta é unha imaxe típica de Manuel Antonio na que os elementos da natureza dominan ou modifican as vontades do ser humano. A terceira parte (secuencia 6) mostra o afastamento definitivo da amada, a *noiva goleta*. É a última secuencia e está situada no presente ("cose", "acena") dando fin á escena do naufraxio.

Podemos apreciar no poema algúns dos símbolos que caracterizan a obra, aínda que varios teñan matices no significado en función do contexto. O *Mar*, en maiúscula, simboliza a vida, o territorio da navegación, as experiencias polas que debe pasar o "eu lírico". Non aparece o *barco*, representación física dese "eu", pero si o *cadaleito*, que se relaciona por metonimia con el, pois ambos están feitos de madeira e ambos son o seu soporte físico: o primeiro nesta vida e o segundo na outra. De forma circunstancial aparece o termo *goleta*, forma feminina que simboliza a amada. Tamén aparece o *vento*, aínda que de forma negativa, pois se normalmente simboliza o movemento, a vida mesma, aquí non move barcos, senón cadaleitos. Por último, as *velas* aparecen transformadas no pano das despedidas, no abandono definitivo do afogado.

É importante sinalar a presenza dun recurso característico do creacionismo como son as imaxes, nas que a relación entre un elemento real e o seu significante está rexida pola subxectividade do "eu lírico"; vexamos algúns exemplos: na secuencia 1, os *ollos* son ao mesmo tempo "relingadores" e "pescadores", é dicir, os ollos 'unen' co seu mirar ao lonxe aquilo que está na distancia, o que queda atrás, no pasado, e ademais 'pescan', 'ven' nas profundidades (o afogado está cos ollos abertos?). Na secuencia 2, a voz está materializada ao quedar pechada nunha fuma (en realidade queda 'afogada'), que ao mesmo tempo ten capacidade de movemento ('xiróvaga'). Na secuencia 3, os *azos* abandonan o corpo como símbolo da chegada da morte ao identificarse co 'último suspiro'. Na secuencia 4, o *vento* está animizado e presentado negativamente, pois ten "poutas" coas que xunta cadaleitos. Finalmente, na secuencia 6 hai unha acumulación de imaxes, pois a goleta é una 'noiva' que "cose [une] rotas esquencidas" (deixa atrás o pasado) e que está, en hábil paradoxo, "enloitada de branco" e fai acenos de adeus coas velas convertidas no "pano d'as despedidas".

En canto á forma do poema, vemos varias das características máis vangardistas de Manuel Antonio: non hai estrofas tradicionais senón secuencias, non hai medida nin número predeterminado de versos, nin tampouco hai rima; só versos libres nos que o ritmo depende de cada imaxe. Tampouco respecta as formas no uso dos signos de puntuación: só hai un punto final e o comezo de cada secuencia está marcado polo espazo en branco e a maiúscula inicial, que tamén utiliza para dar entidade propia a determinados nomes (Mar). Cómpre sinalar tamén a especial disposición dos versos (un 'sangrado' maior nos versos iniciais) e a relevancia dos espazos en branco como marcas dos silencios, das pausas. Máis rechamante é a disposición 'encabalgada' da secuencia 4: un recurso típico do creacionismo para simbolizar a prolongación da acción, a continuidade da acción de acumular cadaleitos.

Por último, e a modo de conclusión, pódese dicir que este poema recolle as características xerais da obra: duplicidade de lecturas, aparición dun "eu lírico" narrador, desorde temporal, xustaposición de imaxes, uso de símbolos, ruptura coa grafía e as formas tradicionais. En canto ao tema, recalca a soidade a través dos elementos paisaxísticos e a perspectiva negativa, que neste caso aparece mediante a figura do mariñeiro afogado que dá título ao poema.